O río fósil de Catoira

Os ríos arrastran, desgastan e redondean materiais que acaban acumulados no fondo da canle e nas ribeiras. O lugar no que te atopas está seco e afastado de calquera río ou regato ... **Como é posible entón que aparezan aquí tantos pelouros e areas ?**

O que tes diante son os restos que deixou un río que atravesaba esta zona hai 100.000 anos, cando aínda paseaban pola nosa terra os neanderthales



Modificado de Banco de Recursos Junta de Andalucía : https://edea.juntadeandalucia.es

Como aconteceu?

- Entre os 128.000 y 117.000 anos   o nivel do mar situábase aproximadamente 4 metros por riba do nivel actual na costa galega **(imaxe 1)**
- Coa chegada da glaciación Würm, entre os 50.000 e 20.000 anos , a auga quedou conxelada e retida nos casquetes de xeo, e o nivel do mar chegou a baixar ata uns 120 metros por baixo do nivel actual. As zonas que quedaron elevadas foron erosionadas **(imaxe 2)**
- Co remate da glaciación fundiuse o xeo e subiu de novo o nivel do mar ata o nivel actual, pero os ríos actuais circulan por un nivel máis baixo , quedando abandonados os depósitos do río fosil **(imaxe 3)**

Nos últimos 50 anos a zona sufriu cambios importantes

Nos 70 usouse como canteira de gravas

Nos 80 foi depósito de entullos e logo vertedoiro incontrolado. Éste foi pechado e selado no 2007



Hoxe a zona está rehabilitada como pista deportiva

Con billete de ida e volta

Entre un 40 e 50 % da auga da chuvia acaba infiltrándose no terreo . Esta auga subterránea pode seguir a súa viaxe cara o interior aproveitando as fracturas das rochas (diáclases e fallas), chegando ata os 5 km de profundidade nalgúns casos . A temperatura na codia terrestre aumenta un promedio de 1ºC cada 33 metros (gradiente xeotérmico). Canto máis fondo se infiltre a auga, máis aumentará a súa temperatura

A auga que sae dos mananciais termais de Catoira tarda un promedio de 28 anos en facer a súa viaxe de ida e volta. No traxecto vaise cargando de distintas sales minerais e a súa temperatura pode subir a máis de 18ºC



Os mananciais termais de Catoira



Fonte : Estudo do gabinete TEY para o Concello de Catoira (2002)

Manancial sen mineralización

Manancial mineralizado

MANANCIAL	EXPLOTACIÓN E CONSERVACIÓN	PROPIEDADES E USOS
1- LAXIÑA	Clausurado en 1970, por estar esgotado e contaminado.	Augas sulfuradas sódicas, que no caso do manancial das Lombas presentan unha temperatura de 18ºC e manan dun pozo de 135 m de profundidade. Indicadas para eccemas, psoriase. cicatrización de úlceras, así como para as enfermidades do tracto respiratorio.
2- LICAREI(RECARÉN)	Idem anterior	
3- AS TORRES	Fonte restaurada pero con moi pouco caudal	
4- AS LOMBAS	Declarado apto polo IGME para o uso mineromedicinal no ano 2012. No 2026 habilitouse un parque termal con fonte publica e lavadoiro de pes para o seu uso	

Enriba dunha lomba

Segundo o diccionario da RAG, unha lomba é unha pequena elevación do terreo de pouca extensión. A altitude do punto no que te atopas é aproximadamente de 40 m sobre o nivel do mar. Pero ... **que aconteceu para que xustamente aquí apareza unha lomba?**

Se observas ben o terreo que pisas, verás que está formado por unha costra ferruxinosa, que fai de tellado protector , impedindo a erosión e mantendo a zona máis elevada que o resto. Chama a atención os bandeados que presenta na súa estrutura

Como se formou a costra ferruxinosa?





A composición do terreno é a que manda

A costra ferruxinosa é resistente e non cría unha boa capa de terra cultivable → A paisaxe que deixa é unha zona plana onde non medra moita vexetación → Resultado: Un solar que acabou usándose como campo de fútbol

O Xiabre cóntanos a súa historia

O lugar onde te atopas é o Outeiro da Vila, unha prolongación do Monte Xiabre cara o noroeste, que fai de divisoria de augas entre o Río Catoira e o Freixeiro

As zonas elevadas da paisaxe (Xiabre, Fontebecha) son as **raíces de montañas** moi antigas, formadas hai máis de 300 millóns de anos, que agora son **visibles** na superficie pola **erosión** do material que as cubría. Estan compostas maiormente por rochas graníticas



Modificado de TARBUCK,E.J;LUTGENS,F.K (1999): "Ciencias de la Tierra".Prentice Hall.Madrid

Os episodios escritos na parede da canteira de Pedras Miúdas

	A finais do Paleozoico (hai 300 m.a)	No Mesozoico (ata hai 65 m.a)	No Cenozoico e actualidade (últimos 2 m.a)	No futuro
				
FEITO OBSERVADO	Rochas graníticas, con cristais ben visibles	Presenza de fallas e diáclases (liñas vermellas), unhas perpendiculares, outras en capas ou escamas	Presenza de óxidos seguindo as zonas de fractura	Bloques resistentes formando pedras cabaleiras e caos de bolos
O QUE PODEMOS DEDUCIR	Houbo arrefriamento moi lento dun magma no interior terrestre mentres se formaba unha cordilleira	As montañas erosionáronse , as raíces quedaron ao descuberto e as rochas cuartearon.	Ataque químico da rocha, formándose xabre nas fendas e quedando sen atacar a zonas non cuarteadas (rodeadas en laranxa)	Arrastre do xabre pola chuvia